

## NORMATIVA 2017/2018

### NIVEL INICIACIÓN

#### **CURSOS DE INICIACIÓN**

##### REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Cumprir 15 anos durante a temporada en curso.
- Realizar a preinscripción previa á celebración do curso na delegación zonal correspondente, o que implica:
  - Pago da cota de preinscripción (200 €) que inclúe taxas de matrícula das convocatorias ordinarias, docencia, atención titorial, certificación de diplomas, documentación del curso e material didáctico. (Conta Bancaria: - CaixaBank: ES96 2100 1455 14 0200227406).
  - Entrega na delegación zonal correspondente do formulario de preinscripción oficial, acompañado do xustificante de pago, dunha foto carné e da copia do documento nacional de identidade, sempre que non se teña xa licenza federativa en curso.
- Necesidade de dispoñer dun ordenador e acceso a internet de xeito regular durante o transcurso da fase non presencial.

#### **FASE PRESENCIAL (30 HORAS) + FASE NON PRESENCIAL (catro semanas posteriores) + FASE AVALIATIVA (catro semanas posteriores)**

##### **FORMACIÓN COMPLEMENTARIA-PERÍODO PRÁCTICAS**

- a. Participar en 2 CETIS.
- b. 12 horas de asistencia a charlas técnicas expresamente sinaladas para a titulación de iniciación, e validadas pola FGB.
- c. Asistencia obrigatoria a TALLER ESPECIFICO MINIBASKET (1 de maio) E SEMINARIO MONOGRÁFICO DE TÉCNICA INDIVIDUAL (o vindeiro que organice a FGB)
- d. Presentación de Memoria Final (Caderno diario de adestramentos) referida a un trimestre de traballo, ao RDZ da súa área xeográfica, ao final da temporada na que teña licenza federativa como adestrador.
- e. A formación complementaria debe estar completa antes da inscrición no Ciclo Inicial de Grado Medio, se o alumno ten intención de realizalo.

### **DATAS DE REALIZACIÓN**

A Área de Adeptadores FGB establecerá cinco períodos no calendario para a realización dos citados cursos:

- a. Ponte de novembro.
- b. Primeira quincena de decembro.
- c. Nadal.
- d. Semana Santa.
- e. Segunda quincena maio.